

Coordinación: Luís Ventoso | Marta Otero

ELVIRA RIVEIRO TOBÍO  
ESCRITORA

## «DE SER ROSALIANA PASEI A SER FERRINIANA, E NON DEIXEI DE SELO»

«Na casa non había libros nin entraban os xornais. Ningún universitario na familia. Aínda teño na memoria a época na que non había auga corrente. Familia toda obreira e labrega». Así lembra as súas orixes Elvira Riveiro Tobío (Cerponzóns-Pontevedra, 1971), «tal e como escribín nunha autobiografía que está colgada na Biblioteca Virtual Galega». Relatos curtos na Rede, poesía visual, lírica para nenos e, por enriba de todo, a poesía en todo o seu amplo senso que invadiu a súa vida desde moi nena: «Coa escola chegou a poesía, a súa luz, a súa música silenciosa (coma min), e ficoume colgada aos dedos xa sen remedio». Todo empezou con Rosalía de Castro e, curiosamente, foi un premio literario que leva o nome da poeta, convocado en Cornellá (Barcelona) o que empuxaba a Elvira Riveiro, no ano 2003. Un ano despois tería unha mención especial no premio Faustino Rey Romero de Rianxo pero «non tiña presa por publicar a pesar de certa insistencia de amigos e colegas». Sería no 2005: «Antón Sobral logrou convencerme para entregar un libro de poemas meu a Luís Rei, que ten ao seu coidado a colección Tambo da Deputación de Pontevedra». Foi o seu primeiro poemario, *Andar ao leu*. Logo viría *Arxilosa*, na colección Hipocampo Amigo: «Nel incluí os poemas que gañaran o certame de Cornellá e outros máis recentes». E desde entón unha activa presenza en Internet.

—¿Cando empezou a escribir?

—Sempre escribín, bueno, desde que empecei a saber escribir. Desde pequeniña gustoume moito a poesía. Foi un amor a primeira vista. Na miña casa non había libros, pero atraíame a poesía, a música que ten. A miña poesía era entón inxenua, rimada e en galego, como querendo que saíse por algún lado o idioma que só era lícito falar no núcleo familiar. Con aqueles poemas inmaturos e anacrónicos gañei dous certames e cos cartos dos premios comprei os dicionarios de latín e de grego e unha edición moi fermosa de varios relatos de Méndez Ferrín.

—¿Lembra cando empezou a ler poesía?

—Si. A primeira foi a clásica de Rosalía de Castro, cando eu tiña



A poeta Elvira Riveiro foi finalista do premio Merlín de literatura infantil e dá clases de galego a adultos

«Nunca tiven un programa de lectura, son anárquica e leo poesía chinesa ou literatura francesa (do XIX)»

dez anos. Foi un impacto. Era o libro *Follas novas*, publicado por edicións Castrelos, que me regalaron meus pais coñecedores de que o virus da poesía xa comezaba a estenderse por min. Fóra dos da escola foi o primeiro libro que tiven; era máis complexo que *Cantares gallegos* e houbo cousas que comprendín máis tarde. Na adolescencia e na primeira mocidade

«Cos cartos dos primeiros premios merquei dicionarios e unha fermosa edición de relatos de Méndez Ferrín»

Méndez Ferrín foi a referencia. De ser rosaliana durante anos pasei a ser ferriniana, e confeso que non deixei de selo. Ferrín xa me tocara coa maxia da súa palabra cando lera nun libro de texto o inesquecible *Grieh (Percival e outras historias)*.

—E agora, ¿cales son as influencias que recibe?

—Nunca tiven un programa

de lectura. Son anárquica, teño lecturas de literatura galego-portuguesa, libros amigos saídos de pasear por unha librería e por iso o mesmo leo poesía chinesa da Ideade Media, unha autora nova do século XXI ou literatura francesa do XIX. As influencias máis presentes son esas dúas de Rosalía e Méndez Ferrín. Tamén está a xente da que son coetánea e que dalgún xeito sempre inflúe algo.

—Tardou tempo en empezar a publicar: ¿por que?

—Por inseguridade e a veces por medo a como será recibido o que escribes ou por non estar segura de se paga a pena seguir. Era un pouco reacia, antes máis que agora. Dinme a coñecer a través de Internet. Publicar un libro non está ao alcance de todo o mundo senón gañas un premio ou es un autor coñecido. Tamén me dei a coñecer a través de obras colectivas con outros autores e autoras galegas. Ademais fixen un poemario conxunto con Silvia Penas polo que nos deron un premio.

—¿E a poesía experimental?

—Fixen un libro con palabras que conteñen solo a vocal a, non aparecen outras no libro. Gustáronme moito sempre os palíndromos, os xogos de palabras que xa experimentaban os vangardistas. É algo que me atrae moito.

—Tamén foi finalista do Merlín.

—Si, co libro *Palabras brancas* que logo publicaría Xerais. Foi o ano no que gañou Carlos López con *Minimaladas*.

—¿Que fai agora?

—Dou clases de adultos, galego para estranxeiros. Son os cursos do Celga. Gústame moito dar clases a adultos e tamén os pequenos obradoiros de literatura, de creación literaria; teño dado algúns relacionados cos meus libros e foi moi gratificante. Non me gusta moito expoñerme publicamente pero nestes casos recibes parabéns, animante a seguir.

—¿Proxectos?

—Teño proxectiños. Volver a escribir algo con Silvia Penas, a ver se sae, con tempo porque non vivimos disto. Outro proxecto cun ilustrador, para un libro infantil, e quizais algo de poesía visual ou experimental. Pero está todo moi verde.

POR  
Rodri García